



UNIVERSIDADE DA CORUÑA
VICERREITORÍA DE ESTUDANTES

CONVOCATORIA DUNHA BOLSA DE APOIO AO SERVIZO DE ASESORAMENTO E PROMOCIÓN DO ESTUDANTE (SAPE)

BOLSA DE COLABORACIÓN EN PROCESOS INFORMÁTICOS

A Vicerreitoría de Estudantes convoca **unha bolsa** en réxime de concorrencia competitiva, de apoio ao Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante da Universidade da Coruña (SAPE) para o Campus da Coruña. A presente convocatoria axústase ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións; Bases de execución do orzamento da Universidade da Coruña para o exercicio 2007, en canto resulte de aplicación, e a Lei xeral orzamentaria e o Regulamento de bolsas da UDC, aprobado en Consello de Goberno do 27 de setembro de 2007.

1.- OBXECTO DA AXUDA.

O obxecto da axuda é a elaboración de novas aplicacións informáticas para o servizo, e a mellora e actualización da web do SAPE. Ademais, colaborará no mantemento e implantación dun sistema xestor de contidos automatizado.

2.- CONDICIÓNS DOS SOLICITANTES. FORMA E PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

2.1.- Estar matriculado/a na Universidade da Coruña, no curso académico 2007/2008, nalguna das seguintes titulacións:

- Enxeñería Técnica en Informática de Xestión
- Enxeñería Técnica en Informática de Sistemas
- Enxeñería en Informática

Ou ben posuír o título de Enxeñeiro en Informática e cursar actualmente estudos oficiais de posgrao (máster e doutoramento) nesta Universidade.

2.2.- Ter aprobados, no momento de solicitar a bolsa, un mínimo de 90 créditos.

2.3.- Experiencia en desenvolvemento e mantemento de Aplicacións Web, con php e jsp, así como un amplo manexo do *framework* Ruby on Rails.

2.4.- Experiencia en desenvolvemento de aplicacións web que traballen contra Bases de Datos.

2.5.- Darase preferencia ao alumnado de segundo ou terceiro ciclo de Informática que superase as materias relativas a estas tecnoloxías (Bases de datos I e II, Integración de Sistemas)

2.6.- Consonte o Regulamento de bolsas da UDC, non poderán ser adxudicatarios destas bolsas os estudantes que xa se beneficiasen delas en anteriores convocatorias.

2.7.- A formalización das solicitudes deberase facer mediante instancia, segundo o modelo que se inclúe nesta convocatoria. O prazo de presentación de solicitudes será o comprendido entre **o día 30 de outubro e o día 13 de novembro de 2007, ata as 14:00 horas**. As solicitudes entregaranse no SAPE da Coruña (Casa do Francés – A Zapateira) ou no SAPE de Ferrol (Rúa Dr. Vázquez Cabrera, s/n).

3.- PROCEDEMENTO E CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DOS ADXUDICATARIOS.

Os criterios de outorgamento da bolsa serán os resultantes de puntuar os méritos que concorran e presenten os solicitantes que cumpran os requisitos para presentarse á convocatoria, polo que xunto coa instancia persoal, o alumnado achegará:

3.1.- Copia do impreso de pago das taxas de matrícula do presente curso 2007/2008.

3.2.- Copia do expediente académico coas súas cualificacións.

3.3.- Currículo cos méritos que estimen oportunos, especialmente os que fagan referencia aos coñecementos e experiencia nas tarefas e cometidos obxecto da presente convocatoria. Estes méritos deberán acreditarse documentalmente, podendo presentar exemplos de traballos realizados.

4.- DOTACIÓN ECONÓMICA E FINANCIAMENTO.

4.1.- A dotación económica da bolsa é de 320 euros brutos mensuais.

4.2.- O financiamento farase con cargo ó partida orzamentaria 9870.422D.480.03.06 "BOLSAS SAPE - VICERREITORÍA DE ESTUDANTES".

Ao importe bruto da bolsa seralle de aplicación o previsto no artigo 16 do Real decreto legislativo 3/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas.

4.3.- O pagamento efectuarase con referencia á situación do dereito do bolseiro ao día último do mes que corresponda.

5.- PERÍODO E CONDICIÓNS DE APROVEITAMENTO.

5.1.- A axuda terá a súa vixencia desde o 1 de decembro de 2007 ata o 30 de novembro de 2008 (12 meses)

5.2.- Se é o caso de que algún dos bolseiros decaia no seu dereito, o órgano competente para súa concesión poderá propoñer ao suplente que figure con maior puntuación na lista confeccionada conforme o punto 10 desta convocatoria.

6.- ÓRGANOS COMPETENTES.

A selección será realizada pola Comisión de Extensión Universitaria delegada do Consello de Goberno.

7.- OBRIGAS DOS SELECCIONADOS.

A persoa seleccionada realizará as tarefas que a dirección do SAPE lle encomende, en relación co previamente especificado, completando 10 horas semanais. O lugar de colaboración da bolsa será o SAPE da Coruña (Casa do Francés, Campus da Zapateira).

8.- NATUREZA DA RELACIÓN COA PERSOA SELECCIONADA E INTERRUPCIÓN DA AXUDA.

8.1.- A persoa seleccionada non adquire ningunha relación laboral nin administrativa coa Universidade da Coruña, nin implica compromiso en canto á posterior incorporación do interesado ao cadro de persoal desta.

8.2.- Perderá o seu dereito á percepción da bolsa se, despois de concedida, non realizara as tarefas encomendadas, ou o fixera con notoria deficiencia, a xuízo da dirección do SAPE, trala audiencia á persoa afectada.

9.- INCOMPATIBILIDADES.

Esta bolsa serán incompatible co disfrute doutras bolsas da Universidade da Coruña ou doutra institución, da mesma natureza e ámbito público ou privado.

10.- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA.

A bolsa concederáse mediante resolución administrativa do Presidente da Comisión, o Vicerreitor de Estudantes, na que se especificará o candidato a que se lle concede a bolsa e, se for o caso, aos que, en lista ordenada de acordo cos resultados da selección, se considerarán suplentes. Dita resolución farase pública na páxina web da Vicerreitoría de Estudantes e no taboleiro de anuncios do Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudiante. Contra esta resolución poderá interpoñerse consonte o artigo 114 da Lei 30/1992, recurso de alzada perante o Reitor da Universidade da Coruña.

A Coruña, 25 de outubro de 2007



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

VICERREITORÍA DE ESTUDANTES

SOLICITUDE DE BOLSA DE COLABORACIÓN EN PROCESOS INFORMÁTICOS

CONVOCATORIA CURSO 2007-2008

NOME: _____

ENDEREZO DURANTE O CURSO: _____

POBOACIÓN: _____ CÓDIGO POSTAL: _____

TELÉFONO NA CORUÑA OU FAMILIAR: _____

ALUMNO DA ESCOLA/FACULTADE: _____

TITULACIÓN: _____

NOTA MEDIA EXPEDIENTE ACADÉMICO

O solicitante deberá calcular a media do seu expediente académico seguindo as seguintes instrucións:

Número de créditos coa cualificación de:

Aprobado: _____ Notable: _____ Sobresaliente: _____ M.H.: _____

Núm. total de créditos superados, incluíndo as convocatorias empregadas: _____

Nota media (con catro decimais): _____

Fórmula Nota Media: $\frac{\text{aprobados} \times 1 + \text{notables} \times 2 + \text{sobresalientes} \times 3 + \text{M. H.} \times 4}{\text{Núm. total de Convocatorias empregadas}^*}$

*** (Só se consideran os non presentados que computan convocatoria)**

A CORUÑA/FERROL, _____ DE _____ DE 2007

ASDO.: _____

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

COPIA DO EXPEDIENTE ACADÉMICO.

COPIA DO IMPRESO DE PAGO DAS TAXAS DA MATRÍCULA.

CURRICULUM VITAE XUSTIFICADO DOCUMENTALMENTE.

SR. VICERREITOR DE ESTUDANTES